



**PROPOSTA AO PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN  
DO PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME**



*galicia@escaladasostenible.org*


#### **PROPOSTA AO PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME**

© Escalada Sostenible Galicia (ESGa). Xaneiro 2018. Todos os dereitos reservados.

Queda prohibida a reprodución total ou parcial, en calquera medio, sen a expresa autorización dos propietarios do copyright.

© Escalada Sostenible Galicia (ESGa). Enero 2018. Todos los derechos reservados.

Queda prohibida la reproducción total o parcial, en cualquier medio, sin la expresa autorización de los propietarios del copyright.



A Coruña 10/01/2018

**Asunto: Proposta ao Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural das Fragas do Eume.**

Don Alfonso Louro Fuentes con número de DNI 46896103T, en nome e representación de **ESCALADA SOSTENIBLE - Delegación Galicia (ESGa)**, con CIF G-86478112 e domicilio a efecto de notificacións en Apdo. Correos 105, Mugardos C.P. 15620, ante este organismo como mellor proceda en Dereito, e contando co **aval da Federación Galega de Montañismo** e o apoio das seguintes asociacións de montañismo e escalada (ver Anexo 4):

- Sociedad Montaña Ártabros.
- Agrupación Montañeros Independientes (AMI).
- Clube de Montaña Pico do Castro.
- Agrupación de Montaña e Escalada Bestarruza.
- Club de Montaña O Caxado.
- Club de Montaña O Veral.
- Asociación de Escaladores Ourenzáns (ASESOU).
- Club Montañeiros Celtas.
- Club Peña Trevinca - Montañeiros de Galicia.
- Club Montañeiros de Pontevedra.
- Clube de Montaña e Escalada Azimut.
- Clube de Montañismo A Peniza.
- Grupo de Montaña Alud.

**EXPÓN:**

Con motivo do anuncio de 7 de decembro de 2017, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, polo que se acorda someter a participación pública o documento de inicio do Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural Fragas do Eume, durante un prazo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación oficial no DOG, a cal tivo lugar o 3 de xaneiro de 2018.

I.- Que, segundo o Decreto 37/2014, de 27 de marzo, as actividades de escalada e alpinismo *“precisará de **autorización expresa** do órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza, que á vista da solicitude poderá fixar condicións específicas para a súa realización ou, no seu caso, a súa prohibición cando poida afectar de forma apreciable ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou aos hábitats das especies de interese para a conservación”*

O Decreto considera como **autorizables a escalada e o alpinismo** *“cando se realice sobre afloramentos rochosos e non leve consigo unha afección apreciable para o estado de conservación dos hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE, ou sobre os núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación”*.

II.- Que existen diversas zonas de escalada (zonas delimitadas no ANEXO 1) dentro do espazo do Parque Natural, e por conseguinte, están dentro dunha ZEC recollida no Decreto 37/2014, de 27 de marzo, onde xa existen vías equipadas e se leva practicando escalada tradicionalmente de forma particular dende antes de 1979.

Máis concretamente estas zonas de escalada atópanse en “Zona de Protección”, segundo indican as unidades de zonificación establecidas no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, e ocupan unha superficie conxunta aproximada dunhas 5 Has, o cal supón apenas un 0,19% da superficie definida como Zona de Reserva Natural do actual Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) das Fragas do Eume.

III.-Que, dende a entrada en vigor do Decreto 37/2014, de 27 de marzo, **existe a tendencia por parte da Administración a interpretar a normativa exclusivamente a través de autorizacións nominais**, sen diferenciar a práctica particular da escalada -como actividade física-, da actividade deportiva organizada como pode ser a realización de competicións, cursos, xuntanzas,...

Tralas experiencias observadas, é posible concluír que este sistema de autorización nominal xeneralizado, podendo ser axeitado no caso de eventos deportivos organizados, no caso da práctica habitual da escalada como actividade física no medio natural, esta vese prexudicada notablemente debido ás súas características intrínsecas.

A práctica da escalada en modo non organizado, en moitas ocasións non está suxeita a programación, xa que depende moi directamente das condicións climatolóxicas. **Esta característica de escasa antelación non sería viable nun sistema administrativo de solicitude, revisión e autorización nominal**. Por outro lado, é común que haxa participantes que, por circunstancias persoais ou de contorno, tomen a decisión de ir a escalar no mesmo día no que se produce a actividade, sen posibilidade de proceder a un sistema de autorización nominal.

Así, a solicitude nominal de autorización para un sector en concreto **trunca a flexibilidade necesaria da práctica habitual**, especialmente para os abondosos practicantes foráneos que veñen de visita esporádica ou puntual (turismo activo). Descoñecedores de certos detalles do entorno e das propias vías, estes precisan dunha flexibilidade na autorización que lles permita adaptar a súa xornada de escalada ás condicións coas que se atopan no momento.

IV.- Esta parte entende que o desenvolvemento dunha **regulación a través da autorización permanente e revisable** por cada zona de escalada, é compatible dende o punto de vista xurídico coas autorizacións previstas no Decreto 37/2014. Do mesmo modo, suporía un apoio importante desde o punto de vista sociolóxico e económico na comarca, conseguindo a través das actividades permanentes no medio natural un cumprimento superior dos obxectivos das normas reguladoras dos espazos naturais protexidos a nivel autonómico e europeo.

V.- A escalada é unha actividade deportiva que se practica no medio natural, de xeito que promove, ademais de hábitos de vida saudables, o coidado e respecto á natureza e o medio ambiente. Trátase, ademais, dunha actividade que non xera ruídos, emisións de gases á

atmosfera, vertidos a augas nin residuos (máis alá dos que podan estar relacionados coa presenza de persoas).

No caso das Fragas do Eume, ao igual que sucede en case todas as zonas de escalada de Galicia, a actividade lévase a cabo en áreas de rocha exposta, sen apenas vexetación e de valor xeolóxico convencional, sen que se poñan en perigo a conservación das especies vexetais da área (protexidas ou non). Do mesmo xeito, ao tratarse dunha actividade diúrna, pouco ruidosa e realizarse en zonas expostas, non afecta ao ecosistema e desenvolvemento de especies animais do entorno.

Polo que respecta aos accesos, dado que se utilizan os xa existentes con anterioridade á creación do Parque, sería comparable co uso que se fai deles por outras actividades permitidas, coas limitacións que correspondan.

Por outra banda, se falamos da capacidade de acollida do medio, cabe destacar que aínda sendo a escalada unha actividade relativamente popular, as peculiaridades das zonas de escalada nas Fragas do Eume, non dan en ningún caso lugar a grandes concentracións de xente practicándoa ao mesmo tempo. Así mesmo, durante gran parte do ano non é posible escalar no Eume debido as condicións climáticas e meteorolóxicas.

Finalmente, cabe destacar que nas zonas de escalada do Eume están algunhas das vías máis longas da Península Ibérica no seu estilo, sendo unha **referencia a nivel nacional e polo tanto, moi valoradas polo conxunto dos escaladores.**

Por todo o anterior, co fin de conseguir que a redacción do futuro PRUX do PN das Fragas do Eume concorde coa súa **implantación harmónica e consensuada, en liña coa realidade da práctica da escalada nos espazos naturais protexidos**, e en base aos argumentos presentados,

#### **PROPONSE:**

1.- **Que un representante da asociación Escalada Sostenible Galicia poida asistir ás reunións da xunta consultiva**, en calidade de asesoramento técnico en actividades relacionadas coa escalada en virtude do establecido no artigo 7º do Decreto 265/2007, -Asistencia de expertos ás reunións das xuntas consultivas. *A presidencia poderá convidar ás reunións das xuntas consultivas a expertos/as ou persoas que garden especial relación co espazo natural protexido, que participarán nestas reunións con voz pero sen voto.*

Este asesoramento técnico resultaría fundamental, xa que, entre outras aportacións, dito representante coñece a escalada e as súas implicacións no medio, coñece experiencias doutras contornas naturais, está inmerso no deporte e relaciónase con outros clubs e asociacións nacionais, coñece a xestión da actividade noutras áreas naturais españolas e internacionais, coñece outras regulacións autonómicas, pode axudar a establecer límites de uso da actividade e coñece unha gran variedade de escolas de escalada e ordenación de uso.

2.- Que o PRUX do PN das Fragas do Eume contemple a **escalada como unha actividade regulada** dentro do parque natural e que esta regulación se estableza **da seguinte maneira**:

- **Consideración expresa da escalada como actividade autorizada de forma permanente e revisable** (entendida esta como actividade física tradicional que se practica de forma cotidiana, espontánea e particular), sempre e cando non se demostre unha afección apreciable dos valores naturais derivada da súa práctica.
- **Autorización previa de carácter nominal e específica por actividade, exclusivamente para os eventos deportivos organizados** (competicións, cursos,...).
- **Limitación da escalada por sectores e temporadas** no caso de ser necesario, en base a estudos previos que demostren a incidencia negativa da actividade nese lugar para un valor natural en concreto, como poden ser motivos de nidificación de aves ou similares.
- **Estarán suxeitas a autorización as labores de equipamento de novas zonas de escalada** dentro do Parque Natural (realización de perforacións na rocha para a instalación de ancoraxes permanentes) e **reequipamento das existentes** (substitución de ancoraxes permanentes en mal estado).
- Determinación de **accesos e áreas de estacionamento autorizados**.
- **Poderase autorizar a apertura e mantemento de camiños**, sempre que non afecte significativamente a hábitats prioritarios ou especies protexidas.

Para un mellor cumprimento da normativa propóñense os seguintes puntos:



1- **Información e divulgación** oportuna das correspondentes regulacións que se apliquen (telematicamente, nos propios accesos mediante carteis informativos,...).

2.- Elaboración dunha **guía de boas prácticas** (ANEXO 3).

3- Consideración das zonas de escalada como **espazos deportivos non convencionais no medio natural**.

Considérase que esta proposta de regulación é **totalmente compatible cos obxectivos e directrices** determinados no PORN das Fragas do Eume e o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, en tanto que **racionaliza** a práctica deste deporte dentro do Parque Natural, beneficiando aos practicantes desta modalidade deportiva **sen que afecten apreciablemente os valores a protexer** do Parque Natural, á vez que ten un **efecto positivo no desenvolvemento socioeconómico da comarca**.

ANEXO 1  
Cartografía



## ANEXO 2

### Afección da escalada sobre as especies de principal importancia

Neste anexo inclúese un inventario das principais especies de especial importancia no Parque Natural das Fragas do Eume (en base á información dispoñible na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio), así como unha estimación da afección producida pola actividade da escalada:

***Dryopteris aemula***: Vive en bosques e rochedos ácidos de zonas moi chuviosas. Ligado a ambientes húmidos e ben conservados. A súa principal fonte de ameaza é a deterioración dos ambientes en que vive este feito.

***Dryopteris guanchica***: Vive en zonas moi húmidas e sombrías de bosques, en rochedos moi húmidos, prebosque e uceiras húmidas. Podería intentarse unha reintrodución, a partir de material ibérico, na súa localidade clásica e en hábitats próximos adecuados ecoloxicamente.

***Woodwardia radicans***: Podemos atopalo en bosques de ribeira, vales costeiros, sombreados e de ambientes húmidos. É unha planta humidícola e acidófila, termófila en certo grao. Ameazada principalmente pola corta dos bosques de ribeira en que habita.

***Culcita macrocarpa***: Require zonas de sombra, temperaturas suaves durante todo o ano e unha elevada humidade na atmosfera e no solo, factores que case sempre ocorren xuntos en vales encaixados de forte pendente e próximos á costa. É habitual encontralos ao cabo de cascadas, que subministran humidade á maneira de salseiros, ou ben en bosques de ribeira maduros (ricos en ameneiros, freixos, abeleiras...). A principal ameaza reside na destrución do bosque para cultivos forestais de especies de crecemento rápido, na construción de minicentrales que alteran e destrúen os seus hábitats preferentes e os efectos derivados da presión humana (canalizacións, excursionismo...).

***Vandenboschia speciosa***: Vive en lugares de moi pouca altitude, moi sombríos e permanentemente húmidos, podendo encontralo en bosques de ribeiras ou en comunidades mixtas de briófitos e pteridófitos hidrófilos. A súa principal ameaza é a destrución dos bosques autóctonos onde se encontran debido a cortas, substitución por plantacións de eucaliptos, etc.

***Hymenophyllum tunbrigense***: Vive en sitios de escasa altitude, sombríos e húmidos, sobre rochas ácidas, troncos, arrosos e normalmente entre brións. Ao vivir en hábitats moi concretos, as modificacións no arboredo poden alterar o microclima ata imposibilitar a súa supervivencia.

Trátase en tódolos casos de feitos asociados a áreas boscosas, sombrizas e moi húmidas, e a súa principal ameaza é a destrución do bosque.

**A área na que se practica tradicionalmente a escalada non cumpre coas características necesarias para o crecemento destas especies**, xa que se trata de placas graníticas, practicamente desprovistas de vexetación, de moi elevada pendente e moi expostas tanto ao sol coma ao vento (orientación S o SO), tal como se pode comprobar nos planos incluídos no Anexo 1.



Por outra banda, a chegada a estas áreas de escalada faise a pé, mediante pistas e camiños xa existentes antes de que se comezase a practicar este deporte (ver planos no Anexo 1). A meirande parte destes camiños e pistas foron feitos cando se construíu o encoro alí ubicado, polo que tampouco existe risco de afección a estas especies por tal motivo.

Polo tanto, **non se producirían afeccións directas a estas especies nin a seus hábitats pola práctica da escalada nas zonas indicadas, e tampouco afeccións indirectas**, dado que, como xa se comentou, trátase dunha actividade que non presenta efectos negativos en ningún vector ambiental de avaliación.

## ANEXO 3

### Guía de boas prácticas

- 1.- Respetar as regulacións por fauna ou flora ameazadas, pode haber restricións por períodos de nidificación de aves.
- 2.- Estacionar nos lugares axeitados.
- 3.- Transitar sempre por sendas e camiños, evita abrir novos camiños cara a un mesmo punto.
- 4.- Non recolectar plantas sen coñecelas e sen permisos, poderían estar ameazadas.
- 5.- Recordar que está prohibido facer lume.
- 6.- Non deixar ningún tipo de lixo.
- 7.- Enterrar os teus excrementos ou intentar vir co traballo feito da casa.
- 9.- Acampar só nos lugares habilitados para iso.
- 10.- Minimizar na medida do posible facer ruídos.
- 11.- Manter controlados os animais de compañía. Evitaranse así molestias a outros usuarios e á fauna local.
- 12.- Non alimentar á fauna salvaxe.
- 13.- Respetar as fincas privadas, aos veciños e a súa forma de vida.
- 14.- Solicitar as autorizacións pertinentes no caso de abrir novas zonas de escalada ou reequipar zonas antigas.
- 15.- Evitar pintar as vías, deixar material nelas ou ensuciar a rocha. Deixar todo tal cal foi atopado.
- 16.- Coidar a rocha, evitar o uso excesivo de magnesio e marcar “clecas” en exceso. Conservar a beleza xeolóxica do lugar.
- 17.- Consumir nos pobos próximos. A escalada é un medio de incentivación económica do lugar.
- 18.- Ante escaladores ou outras persoas que podan estar incumprindo as boas prácticas, compre tentar explicarlles para que realicen una escalada mais respectuosa co medio ambiente. Actuar sendo un bo exemplo a seguir.
- 19.- Non só respectar, senón protexer a biodiversidade do lugar.

ANEXO 4

Proposta elaborada e presentada por



Subscriben:



Federación Galega de Montañismo



Sociedad de Montaña Ártabros



Agrup. Montañeros  
Independientes (AMI)



Clube de Montaña Pico do Castro



Agrupación de Montaña e Escalada  
Bestarruza



Club de Montaña O Caxado



Club de Montaña O Veral



Asociación de Escaladores  
Ourensáns (ASESOU)



Club Montañeros Celtas



Club Peña Trevinca - Montañeros  
de Galicia



Club Montañeros de Pontevedra



Clube de Montaña e Escalada  
Azimut



Clube de Montañismo A Peniza



Grupo de Montaña Alud